



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 17 de xullo de 2017

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 17 de xullo de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 10/07/2017, que se aprobou por unanimidade.

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/3220

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Alumeado Público e Mantemento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Equipos de Señalización y Control, S.A. (ESYCSA)** para o subministro de tres semáforos para reposición na Rúa Camilo José Cela, Av. Rosalía de Castro e para ter de reserva Taller, por un importe total de 634,20 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22108.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3221

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Alumeado Público e Mantemento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **DIGAMEL, S.LU**, para subministro material para reposición de farois no Campo da Festa de San Xoán de Bamio, por un importe total de 2.706,16 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3222

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Servicios Técnicos Integrados del Noroeste, S.L.** para



subministro de dez licenzas de S.O. microsoft windows 10 pro de 64 bit para o Conservatorio Municipal de Música, por un importe total de 1.598,53 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.64100.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3223

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Servicios Técnicos Integrados del Noroeste, S.L.**, para subministro dun proxeutor e unha CPU para a Escola Municipal de Música, por un importe total de 1.659,01 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.62600.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3224

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Ozona Consulting, S.L.** para o subministro dunha licenza de Veeam Backup Essentials Enterprise para seis procesadores, por un importe total de 1.250,10 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706, coa finalidade de realizar copias integrais de servidores virtuais.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3225

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **SUMINISTRO DE EQUIPOS DE INCENDIO E SALVAMENTO, S.L. (SEIS)** para o subministro de 14 cascos estruturais para os traballadores do Servizo, por un importe total de 5.783,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3226

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Promundi Gallaeciam, S.C.**, para subministro de vestiario e EPIs para o persoal da Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, por un importe total de 2.697,39 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal. (Proxecto 3 nº 02/22/16)

PRP2017/3227



Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Calefacciones Paulino, S.L.** para a reposición de tubaxes da Escola Municipal de Música, por un importe total de 3.224,65 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3228

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Julián Moure Portas** (Moda Hogar) para o subministro e colocación de tres estores para as Oficinas do Centro de Formación de Matosinhos, por un importe total de 450,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 241.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3229

Dáse conta do escrito remitido por **Unión Fenosa Distribución, S.A.** en relación coa solicitude de Dona M^a Pilar Suárez Ramos de traslado do C.T. situado na Rúa Muiñeira, no que comunican que van a proceder a subsanar as deficiencias detectadas, adoptando as medidas que sexan necesarias.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/3230

Dáse conta dos escritos presentados por **D. Jorge Míguez Paz** “Café-bar Chirin jito”, **Dona Mercedes Mondragón Betanzos** “Café Bar o Lar de Merchy” e **D. Oscar Piñeiro Andujar** “Miúdo” solicitando autorización para a realización actuacións musicais ao aire libre.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder as autorizacións, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberán respectar os seguintes horarios:

D. Jorge Míguez Paz: Autorizar os sabados dos meses de xullo, agosto e setembro na terraza do establecemento na Rúa Baldosa nº 23, en horario de 23:00 a 01:00 horas.
--

Dona Mercedes Mondragón Betanzos: música na terraza para o día 5 de agosto na Rúa Moreira nº 23, en horario de 20:00 a 01:30 horas.
--

D. Oscar Piñeiro Andujar: autorizar concerto o día 25 de agosto na Rúa Romero Ortiz nº 37, en horario de 21:00 a 00:00 horas

- Deberán ocupar unicamente a zona de terraza do citado local, sen ocupar o espazo do baixo lindeiro.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.



PRP2017/3231

Dáse conta do escrito presentado por D. José Artiaga Barreira, en representación de **Fundación Artiaga**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 5 de agosto, en horario de 10 a 15 horas, así como a colaboración municipal coa cesión de unha carpa e catro cadeiras.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/3232

Dáse conta do escrito presentado por D. José Artiaga Barreira, en representación de **Fundación Artiaga**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 22 de xullo, en horario de 10 a 15 horas, así como a colaboración municipal coa cesión de unha carpa e catro cadeiras.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/3233

Dáse conta do escrito presentado por **Bloque Nacionalista Galego** solicitando autorización para realizar un acto político con motivo do "Día da Patria Galega" o día 21 de xullo, en horario de 18:00 a 03:00 horas, na Praza Interior do Parque da Xunqueira, e no caso de choiva na Praza da Peixería.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

PARQUE DA XUNQUEIRA

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.



- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRAZA DA PEIXERÍA

- Deberán asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.
- Deberán contar cun plan de autoprotección que identifique os riscos e describa os protocolos a seguir en cada caso, debendo respectar o aforo do local para a actividade que realice e responsabilizarse que non sexa superado. Así mesmo deberá manter libres portas de emerxencia e en caso de necesidade poderá contar co apoio da Policía Local, Emerxencias Municipais ou Emerxencias da Xunta, solicitando auxilio.
- Deberá comprobar e respectar o aforo da instalación, sendo responsable a promotora do evento.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2017/3234

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Cristina Sierra Villegas**, solicitando autorización para estacionar unha furgoneta no Parque Compostela para almacén de material que usa para as clares ao aire libre que imparte os mércores e xoves de xullo, en horario de 9:30 a 13:30 horas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora a acorda comunicarlle que deberá solicitar na Policía Local a reserva de vía pública na zona de estacionamento do Parque Compostela e aboar as taxas correspondentes.

PRP2017/3235

Dáse conta do escrito presentado por **Naike Errani**, solicitando autorización para realizar un espectáculo de circo denominado "MAGIC CIRCUS D'AMICO (sen animais), os días 8 e 9 de xullo (día 8 na Praza II República e día 9 Praza Liberdade).

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.



- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Comunicáselle que para instalarse na Alameda de Carril deberán obter a correspondente autorización de Portos de Galicia.

PRP2017/3236

Dáse conta do escrito presentado por D. Jesús Paz Parracho, en representación da **Confraría dos Viños de Rías Baixas**, solicitando autorización para o desfile de grupos de música tradicional por diversas rúas do Concello (Praza Ravella, Xardíns Ravella, Arapiles, Padre Feijoo, Praza de Galicia e Alcalde Rey Daviña) o día 19 de agosto ás 12 horas, con motivo do XIII Capítulo (Capítulo anual Confraría dos viños de Rías Baixas).

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

PRP2017/3237

Dáse conta do escrito presentado por **Dona María Luisa Arroyo Euba**, solicitando autorización para instalar unha carpa na Praza de Galicia o día 18 de xullo, en horario de 10:00 a 13:00 horas, para informar sobre as consecuencias de tomar o sol.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/3242

Dáse conta de informe da Policía Local dando conta de que con motivo da reparación do vehículo Seat Altea, matrícula 0680GSX, como consecuencia dunha actuación policial o pasado mes de xaneiro, existen unhas diferencias entre as cantidades presupostadas inicialmente e as facilitadas polo axente de seguros, o que podería causar prexuízo para o Concello.

- Orzamento reparación (Tobiauto, S.L.): 4.852,57 €, máis 864,29 €.
- Mútua de Seguros: 4.570,25 €, máis 800,71 €.



A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/3356

Dáse conta do percorrido da XIV Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía, que se vai celebrar o día 22 de xullo polas seguintes rúas: Avda. Mariña, Rivero de Aguilar, Rúa Elpidio Villaverde e Avda. da Mariña, así como a utilización da Praza da II República para a organización do evento.

Dado que o percorrido supón o peche de varias rúas dependentes da Autoridade Portuaria, deberase solicitar a correspondente autorización para o peche das mesmas.

Dáse conta do informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar o percorrido indicado e que polos distintos Departamentos se adopten as medidas necesarias para o seu correcto desenvolvemento.”

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2017/3111

Vista a proposta da Concellería da Área de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Teleservicio Instalaciones de Oficina, S.L.** para o subministro de mobiliario para o Departamento de Servizos Sociais, coa seguinte desagregación:

- Reposición de mobiliario, con cargo á partida 231.215, por importe de 1.072,06 €.
- Mobiliario novo, con cargo á partida 231.62500, por importe de 511,83 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3263

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o convenio de colaboración entre o Concello e Cruz Vermella Salnés, para a cesión temporal do uso da vivenda de propiedade municipal, para a acollida temporal de persoas refuxiadas, por un prazo de 12 meses, prorrogable por outros 12.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Promoción Económica

PRP2017/3269

Dáse conta da sinatura do contrato de Patrocinio Publicitario con D. Francisco Javier Franco Quintáns, conforme ao acordado pola Xunta de Goberno Local de data 20 de marzo de 2017, para a presentación en Madrid da colección de moda “Arousa” o 30 de marzo de 2017, por importe de 1.500,00€, con cargo á partida 432-22602.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores



PRP2017/3274

Dáse conta de informe da Concellería de Igualdade comunicando a realización, o día 9 de agosto, ás 12:00 horas na Rúa Alcalde Rey Daviña, diante da Casa de Cultura, da acción “Versos a Clareo”, na que o espectador-lector dialogará coa autora Dores Tembrás. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta á Policía Local.

PRP2017/3275

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dona Jesica Rodríguez Czaplicki** para a realización do obradoiro de 20 horas de duración “Unha viaxe en común de 40 semanas e unha vida”, por un importe total de 1.200,00 €, con cargo á partida 2132.22615.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3276

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dona Jesica Rodríguez Czaplicki** para a realización do obradoiro de autocoidado para mulleres: “Eu muller, coñezome, cóidome, quérome”, por un importe de 600,00 €, con cargo á partida 2312.22615.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3277

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, en relación á solicitude de subvención á Secretaría Xeral de Igualdade para o programa de apoio e mantemento do CIM, ao abeiro da resolución de data 16 de xuño de 2017 a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude da citada subvención para:

- Programa de apoio aos postos de dirección apoio psicolóxico, asesoramento xurídico e axente de igualdade por importe total de 50.459,59 € para o período 01/04/2017 a 31/03/2018.
- Designar a Dona Julia Barbosa Sánchez, que ocupa o posto de Directora do CIM para tarefas de coordinación e comunicación co SXI.
- Financiamento con cargo ós orzamentos desta entidade do custo das acción obxecto da axuda que non resulte financiado polo SGI.
- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/3278

Vista a solicitude de **D. Augusto Guedes Castro**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, os martes dende o 26 de setembro de 2017 ao 12 de xuño de 2018, en horario de 19:00 a 21:00 horas, para a realización da actividade “Martes Arte”, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido



no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

A presente autorización concédese co carácter de precario, quedando sen efecto a mesma no caso de que por parte do Concello se necesite a utilización da citada instalación, polo que deberían modificar a data para o desenvolvemento da actividade.

PRP2017/3279

Vista a solicitude de **D. Germán Manuel Torres de Aboal**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, os días 21 de outubro, 18 de novembro e 9 de decembro, en horario de 18:30 a 21:30 horas, para a realización da actividade A Mesa das Verbas debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

A presente autorización concédese co carácter de precario, quedando sen efecto a mesma no caso de que por parte do Concello se necesite a utilización da citada instalación, polo que deberían modificar a data para o desenvolvemento da actividade.

PRP2017/3280

Vista a solicitude de **D. Angel Peteiro González**, en representación de **Asociación Escola Rosalía de Castro**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal o día 27 de xullo de 2017, de 8:00 a 21:00 horas, para a realización de probas dos niveis YLE, KET, PET e FEC (exames da Universidade de Cambridge na Provincia de Pontevedra) debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala de Conferencias: 13 horas a 15,25 €/hora: 198,25 €
- Servizo extraordinario de persoal 1 hora (de 8 a 9 horas), a 10,20 €/hora: 10,20 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.



PRP2017/3281

Vista a solicitude de D. Francisco Jesús Fernández Rodríguez, Director de **Cáritas Interparroquial de Arousa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 3 de decembro de 2017, durante todo o día, para a celebración do XX Festival de Panxoliñas, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/3283

Dáse conta de proposta da Concellería de Cultura en relación co Desfile de Carrozas durante as Festas de San Roque, dando conta do modelo de solicitude e indicando así mesmo que se formalizará un seguro de sinistros para dito evento, cuxo gasto irá incluído no orzamento das Festas de San Roque 2017.

a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o modelo de solicitude para participación nas Carrozas Verán 2017, que figura anexo á proposta.

PRP2017/3284

Vista a solicitude de Dona Dolores Ferreiro Castro, en representación da **Asociación Subida ao Monte do Pobo**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Roque en Carril o vindeiro día 13 de agosto de 2017:

- Actuación da Coral Alento Xoven, por un importe de 225,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/3285

Por parte da Concellería de Cultura dáse conta do expediente relativo aos contratos establecidos con distintas entidades, correspondentes aos concertos das Festas de San Roque 2017, así como actuacións de orquestra e desfile de carrozas:

- B2 BELLOTA PRODUCCIONES ARTISTICAS, S.L.: Concerto de BEBE, por importe de 21.780,00 €
- NO SON GIGANTES, S.L.: Concerto de Rosendo, por importe de 36.300,00 €
- COOPERATIVA CULTURAL, S.L.: Concerto de Leilia, por importe de 5.203,00 €
- GALICIA ESPECTÁCULO DE NEGREIRA, S.L.: Actuación das orquestras: Tamarindos, América, e Ritmo Joven, por importe de 26.000 €
- OURI PRODUCCIONES ARTÍSTICAS, S.L. (Carrozas): por importe de 14.520 €



Así mesmo comunica que con posterioridade se presentará o orzamento das Festas de San Roque 2017, onde irán incluídas as citadas actuacións, para proceder á aprobación da provisión de fondos a xustificar.

Dáse conta do informe da Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o gasto por un importe total de 103.803 €, con cargo á partida 338.22699.

PRP2017/3357

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento de **Mr. Misto Films, S.L.** para o desenvolvemento da actividade para nenos/as denominada CINE DE VERÁN, que se vai a celebrar os días 7, 8 e 9 de agosto na Praza Ravella, por un importe total de 2.178,00 €, con cargo á partida 334.22609.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/3154

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a Memoria valorada denominada “Reposición e realce das tapas de rexistro na PO-548KP.18,310 ao 19,200”, redactada polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Oscar Álvarez González, cun orzamento total (IVE incluído), de 8.250,19 €, con cargo á partida 161.61900.
- Nomear Director das obras ao técnico redactor D. Oscar Álvarez González.
(Proxecto 2 nº 12/08/2014).

PRP2017/3286

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Adxudir as obras incluídas na Memoria valorada denominada “Pluviais en Rúa Loureiro” á Empresa **Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.**, por un importe de 20.246,47 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE de 4.251,76 € (21%), o que totaliza un importe de adjudicación (IVE incluído), de 24.498,23 €, con cargo á partida 161.61900, de conformidade coa oferta presentada.
- Nomear Director das obras ao Enxeñeiro Técnico Industrial D. Oscar Álvarez González.
(Proxecto 2 nº 03/19/16).

PRP2017/3287

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial, Servizo de Cooperación (Plan de Obras e Servizos 2017), pola que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención, por importe de 23.000 € con destino ó financiamento do investimento “SUBMINISTRO DE MINIPALA CARGADORA CONCUCHARÓN BARREDORA” (Exp. 2017026343).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/3288

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial, Servizo de Cooperación (Plan de Obras e Servizos 2017), pola que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención,



por importe de 36.000 € con destino ó financiamento do investimento “SUBMINISTRO DE MÁQUINA ASTILLADORA OU TRITURADORA”. (Exp. 2017026341)
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/3289

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial, Servizo de Cooperación (Plan de Obras e Servizos 2017), pola que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención, por importe de 12.000 € con destino ó financiamento do investimento “SUBMINISTRO DE CISTERNA DE REGO DE EMULSIÓN ASFÁLTICA” (Exp. 2017026344).
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/3290

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial, Servizo de Cooperación (Plan de Obras e Servizos 2017), pola que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención, por importe de 9.680,00 € con destino ó financiamento do investimento “SUBMINISTRO DUNHA MÁQUINA SINALIZADORA VIAL” (Exp. 2017026345).
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/3291

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial, Servizo de Cooperación - Plan de Obras e Servizos 2016 (Plan Concellos), pola que autoriza ao Concello ó cambio do orzamento, que pasa de 9.803,42 € a 12.100,00 € e das prescricións técnicas relativas ao investimento “SUBMINISTRO DE 1 MOTOCICLETA CON DESTINO Á POLICÍA LOCAL” (Exp. 2016025906), colaborando o Concello no seu financiamento coa contía de 4.411,02 €, non afectando ó importe inicial da subvención concedida que ascende a 7.688,98 €.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/3292

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial, Servizo de Cooperación (Plan de Obras e Servizos 2017), pola que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención, por importe de 25.000 € con destino ó financiamento do investimento “SUBMINISTRO MÁQUINA PORTAFÉRETROS” (Exp. 2017026342).
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/3358

Dáse conta de proposta de convenio entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e **Metalquímica Española, S.L.**, para o aluguer, polo prazo de dous anos, pola contía anual equivalente ao IBI da parcela situada en Avda. Rosalía de Castro, cunha superficie de 3.349 m², con referencia catastral 8980102NH1188S0001DQ, para a súa utilización como aparcadoiro, autorizando expresamente ao Concello para realizar, na finca obxecto do alugueiro, e ás súas propias expensas, cantas actuacións sexan precisas para acondionala como aparcadoiro en superficie, quedando todas elas en beneficio da finca e pasando a ser propiedade da súa titular, sen custe nin cargo, unha vez extinguido o contrato de aluguer.
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio, así como un aluguer anual de 1.000 € (IVE incluído) e remitir o modelo de contrato de alugueiro para a súa formalización.



ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2017/3354

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.800,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 30 de xuño de 2017, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 24 de setembro de 2015, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 2.700,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 2.400,00 €
- Grupo Municipal do EU-IU, por un importe total de 1.200,00 €€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 900,00 €
- Grupo de SOMOS MAIORIA, por un importe total de 600,00 €.”

PRP2017/3355

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencia ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 30 de xuño de 2017, por un importe total de 5.390,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Número Sesións	€/sesión	Total Euros
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	7	110	770
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN	7	110	770
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ	7	110	770
D. TOMÁS FOLE DÍAZ	3	110	330
DONA ROCIO A. LLOVO DEL RIO	3	110	330
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO	2	110	220
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ	2	110	220
D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE	2	110	220
DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL	2	110	220
D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ	3	110	330
DONA MARIA MOSQUERA LEAL	1	110	110
D. MIGUEL ALVES LAGO	3	110	330
D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ	3	110	330
DONA LUCÍA CESAR VELOSO	1	110	110
D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA	3	110	330
TOTAL			5390

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:15 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.